

Segundo.-Os aspirantes deberán ser declarados aptos neste recoñecemento médico para poder figurar na proposta de aprobados do punto 3 da base oitava.

No suposto de que algún dos aspirantes non alcance o recoñecemento de apto ou non compareza, decaerá en todos os seus dereitos e o tribunal efectuará chamamento do seguinte aspirante ao cal lle corresponda, mediante notificación individual ao interesado.

Terceiro.-Os aspirantes deberanse abster de tomar ningún alimento desde, cando menos, oito horas antes da prevista para a realización da proba.

Así mesmo, os aspirantes deberán acudir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto.-As probas realizaranse na clínica da Mutua Galega de Accidentes de Traballo situada na rúa Isaac Peral, 9 do polígono do Tambre, en Santiago de Compostela, o 28 de marzo de 2008 ás 9.00 horas, en chamamento único e de acordo coa orde que se recolle no anexo que se sinala a continuación.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2008.

M^a Lourdes Batán Aira
Presidenta do tribunal

ANEXO

Convocatoria proba de recoñecemento médico proceso selectivo Orde do 26 de decembro de 2002

Día: 28 de marzo de 2008, ás 9.00 horas.

DNI	Aspirante	Ámbito	Categoría acceso
76418850-Q	Fernando García Blanco	A Coruña	V-14
32808251-Q	Manuel Lendoiro Regueiro	A Coruña	IV-33
33254965-R	Benito Pacheco Mera	A Coruña	V-14
76316127-B	José Ramón Paz Abelenda	A Coruña	V-14*

*Condicionado

Corrección de erros.-Resolución do 6 de marzo de 2008 pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso en distintas escalas do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B.

Advertido un erro na resolución antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 51, do 12 de marzo de 2008, é necesario facer a seguinte corrección:

-Na páxina 4.360, no punto Códigos das exclusións, hai que engadir: «55 Non cumprir o requisito de titulación».

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 10 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o procedemento para o acceso á docencia en diversas especialidades nos conservatorios superiores de música.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no capítulo V varios aspectos referidos ao carácter e competencias dos centros superiores de ensinanzas artísticas. Concretamente, o artigo 45 establece que os estudos superiores de música terán a condición de ensinanzas superiores para todos os efectos. Así mesmo, o artigo 58 especifica que, dentro das facultades reguladoras que competen ao Goberno, se regularán as condicións para a oferta de estudos de posgrao das ensinanzas artísticas superiores, e que os estudos cursados neste nivel conducirán a títulos equivalentes, para todos os efectos, aos títulos universitarios de posgrao; e tamén que, tanto para a realización dos estudos de grao e posgrao nestes centros, como para o desenvolvemento das capacidades investigadoras inherentes a estudos de carácter superior, os centros superiores de ensinanzas artísticas poderán establecer convenios coas universidades.

O artigo 96 da devandita Lei orgánica establece no seu punto 2º que o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, poderá determinar outras exixencias para o profesorado que as asuma, derivadas das condicións de inserción destas ensinanzas no marco europeo da educación superior, o que exige un profesorado cun grao de cualificación similar ao que exerce a docencia universitaria, ao seren os títulos equivalentes para todos os efectos.

Coa aplicación da LOE, tendo en conta o alto nivel de especialización dos ditos estudos superiores e para garantir o maior nivel de excelencia nos procesos de ensino e aprendizaxe, cómpre regular de xeito específico a provisión de profesorado dos conservatorios superiores na Comunidade Autónoma de Galicia. Polo tanto, este profesorado deberá responder a un perfil docente, interpretativo, creativo ou de investigación coa suficiente especialización para o desenvolvemento da docencia e para a posta en marcha de liñas de investigación e creación. En consecuencia, os sistemas de selección do profesorado deberán garantir o cumprimento deste requisito, de maneira que cada convocatoria se axuste ao perfil de cada praza, seguindo os procedementos establecidos noutras institucións de educación superior.

Cómpre ter en conta a existencia de funcionarios de carreira do corpo de profesores de música e artes escénicas con destino definitivo nos actuais conservatorios profesionais de música de Galicia. O seu perfil profesional e a súa experiencia docente, xunto á especialidade na que están acreditados, garante unha capacitación inicial para a provisión dos postos de traballo docente que se determinen nos con-

servatorios superiores, sen prexuízo das condicións de pertenza a especialidades, así como de titulación específica que se poidan requirir en cada caso, ao abeiro desta resolución.

En consecuencia, esta resolución, no seu anexo I, establece a especialidade que deberá acreditar cada aspirante para optar ás prazas docentes específicas convocadas segundo as especialidades e materias troncais recollidas no Decreto 183/2001, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo do grao superior das ensinanzas de música e o acceso a este grao.

Para lograr a maior adecuación entre o perfil académico e profesional e o perfil docente de cada praza, o baremo que se presenta no anexo II establece unha serie de criterios específicos determinados polas singularidades da docencia que hai que impartir, entre os que destacan a experiencia profesional no campo artístico obxecto de concurso, a experiencia docente e a experiencia investigadora.

Na súa virtude, esta secretaría xeral

RESOLVE:

Primeiro.-*Obxecto da convocatoria.*

1. Esta resolución ten por obxecto convocar o procedemento para seleccionar o profesorado que poderá impartir docencia durante o curso 2008/2009 nos conservatorios superiores de música da Coruña e de Vigo, segundo o cadro de profesorado que se relaciona no anexo IV de esta resolución.

2. Todos os participantes que reúnan os requisitos establecidos nesta resolución poderán inscribirse para o acceso en cantos perfís de competencia docente desexen dos indicados na columna B do anexo I, sempre que se atopen facultados pola súa especialidade de procedencia segundo o recadro correlativo da mesma fila na columna A. En caso de optar a máis dun perfil de competencia docente, deberán relacionalos na súa solicitude por orde de preferencia.

Segundo.-*Requisitos de participación.*

Só poderá participar nesta convocatoria o profesorado que reúna os seguintes requisitos:

a) Ser funcionario de carreira, ou en prácticas, do corpo de profesores de música e artes escénicas, con destino nun conservatorio da Comunidade Autónoma de Galicia, na especialidade de procedencia, que para cada un dos perfís de competencia docente se sinalan no Anexo I desta resolución.

b) Acreditar o título superior de música ou equivalente, agás os funcionarios procedentes da especialidade de historia da música, onde será exixible o título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente. Así mesmo, cando se trate do acceso aos perfís de competencia docente das materias propias das especialidades de composición, musicoloxía e pedagogía, especialidades para as que non existen funcionarios de carreira titulares destas, deberán

acreditarse os requisitos de titulación específicos que se sinalan no anexo I, na columna C.

c) Acreditar o Celga 4 ou o curso de perfeccionamento en lingua galega. Para estes únicos efectos, entenderase que reúnen o requisito aquelas persoas que superasen as probas de lingua galega ou fosen declarados exentos deste requisito nos correspondentes procesos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de música e artes escénicas. Así mesmo, os aspirantes que obteñan praza nesta convocatoria e non estean en posesión deste requisito, estarán obrigados, no prazo de dous anos contados a partir do seu nomeamento, a obter o Celga 4.

d) Presentar o proxecto docente ao que fai referencia o punto 6 do anexo II desta resolución, nas condicións alí descritas. Os aspirantes que opten a máis dun perfil de competencia docente deberán presentar un proxecto por cada perfil dos recollidos no anexo III desta resolución.

Terceiro.-*Solicitudes e presentación da documentación.*

1. O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais e na páxina web no enderezo: www.edu.xunta.es/profesorado/interinos-substitutos/convocatorias apertura de listaxes de substitutos, servizo de secundaria (documentos relacionados).

2. O prazo de presentación de solicitudes será de trinta días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Os méritos alegados presentaranse en dúas partes separadas (A e B), e encadernadas (tapas, channel, espiral ou canudo), coas páxinas numeradas correlativamente, e facendo constar na portada a referencia á convocatoria, así como os datos que permitan a identificación do autor (nome e apelidos do concursante, e perfil de competencia docente á que opta):

a) Folla/s de autobaremación, na que figurarán os méritos ordenados e indexados pola mesma orde en que figuran no baremo do anexo II, seguidos da puntuación que lle corresponde a xuízo do concursante.

b) Documentación acreditativa en copia cotexada dos méritos alegados, ordenados e indexados pola mesma orde en que figuran no baremo do anexo II, de xeito que se permita o cotexo simultáneo da folla de autobaremación e da documentación acreditativa.

Cuarto.-*Especialidades e materias.*

A relación de especialidades e materias convocadas, así como das especialidades das que deben ser titulares os funcionarios e, se é o caso, das titulacións exixidas para acceder a esta convocatoria, son as recollidas no anexo I.

Quinto.-*Procedemento de selección.*

1. O procedemento de selección consistirá na valoración dos méritos profesionais, docentes e artísticos presentados polos participantes, conforme o baremo que se publica como anexo II desta resolución.

2. Os posibles empates que se produzan na valoración total do procedemento selectivo, resolveranse segundo a maior puntuación obtida en cada un dos puntos e sub-puntos do baremo, na súa orde de aparición.

Sexto.-*Comisión de selección.*

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes levarase a cabo por unha comisión baremadora nomeada polo secretario xeral da Consellería e Educación e Ordenación Universitaria e constituída polos seguintes membros:

Presidente: secretario xeral ou persoa en quen delegue.

Vogais:

-A xefa de Servizo de Profesorado de Educación Secundaria, de Formación Profesional e de Réxime Especial.

-O xefe do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial.

-Dous asesores-técnicos da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

-Un funcionario/a da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto.

Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

A comisión de selección poderá solicitar a incorporación aos seus traballos de persoas expertas que se limitarán a prestar a súa colaboración.

Poderá asistir un representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial de persoal docente non-universitario, con voz pero sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución de sub-comisións técnicas para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coe pertinentes.

Disposición adicional

Os funcionarios de carreira con destino definitivo nos actuais conservatorios profesionais de música de Galicia que resulten seleccionados nesta convocatoria serán nomeados en comisión de servizos durante o curso escolar 2008-2009, podendo ser prorrogada esta comisión en tanto non se modifique o procedemento de adscrición aos conservatorios superiores.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO I

A	B	C
Especialidade de procedencia (1)	Perfiles competencia docente (2)	Requisito específico de titulación (indistintamente)
Especialidade de acordeón	-As materias propias da especialidade de acordeón	
Especialidade de canto	-As materias propias da especialidade de canto	
Especialidade de clarinete	-As materias propias da especialidade clarinete	
Especialidade de contrabaixo	-As materias propias da especialidade contrabaixo	
Especialidade de coro	-Educación auditiva (MT) -Piano complementario (MT)	
Especialidade de fagot	-As materias propias da especialidade de fagot	
Especialidade de frauta travesa	-As materias propias da especialidade de frauta travesa	
Especialidade de fundamentos de composición	-Práctica harmónico-contrapuntística (MT) -Análise (MT) -Piano complementario (MT)	
Especialidade de fundamentos de composición	-As materias propias da especialidade de composición -Práctica harmónico-contrapuntística (MT) -Análise (MT) -Piano complementario (MT)	Título superior de composición ou profesor superior de harmonía, contrapunto, composición e instrumentación
Especialidade de guitarra	-As materias propias da especialidade de guitarra	
Especialidade de historia da música	-Historia da música (MT) -Organoloxía (MT)	
Especialidade de historia da música	-As materias propias da especialidade de musicoloxía -Historia da música (MT) -Organoloxía (MT)	Título superior de musicoloxía, profesor superior de musicoloxía ou licenciado en xeografía e hª especialidade de musicoloxía, licenciado en historia e ciencias da música
Especialidade de linguaxe musical	-Educación auditiva (MT) -Piano complementario (MT)	
Especialidade de linguaxe musical	-As materias propias da especialidade de pedagogía -Educación auditiva (MT) -Piano complementario (MT)	Título superior de pedagogía, profesor superior de pedagogía ou licenciado en psicopedagogía ou diplomado en maxisterio especialidade de educación musical
Especialidade de óboe	-As materias propias da especialidade de óboe	
Especialidade de percusión	-As materias propias da especialidade de percusión	
Especialidade de piano	-As materias propias da especialidade de piano -Piano complementario (MT)	
Especialidade de saxofón	-As materias propias da especialidade de saxofón	
Especialidade de trombón	-As materias propias da especialidade de trombón	
Especialidade de trompa	-As materias propias da especialidade de trompa	
Especialidade de trompeta	-As materias propias da especialidade de trompeta	
Especialidade de tuba	-As materias propias da especialidade de tuba	
Especialidade de viola	-As materias propias da especialidade de viola	
Especialidade de violín	-As materias propias da especialidade de violín	
Especialidade de violoncello	-As materias propias da especialidade de violoncello	

(1) Refírese ás especialidades reguladas no Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, polo que se establecen as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas, se adscriben a elas os profesores do devandito corpo e se determinan as materias que deberán impartir.

(2) As competencias docentes refírense ás materias descritas nos cadros de especialidades reguladas segundo o Decreto 183/2001, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo do grao superior das ensinanzas de música, que se imparten na Comunidade Autónoma de Galicia. En relación coa atribución de competencia docente, deberá haberá que aterse ao seguinte:

-Por materias propias da especialidade entenderanse, ademais da especialidade instrumental de que se trate (apartado A dos cadros de currículo das especialidades), as referidas á letra d) do artigo 8º.1, (punto D dos cadros de currículo das especialidades) segundo o establecido no citado Decreto 183/2001, do 19 de xullo.

-A sigla (MT) a seguir do nome da materia fai referencia ao carácter troncal desta.

-Todos os profesores das distintas especialidades instrumentais terán atribución de competencia docente para a impartición das materias de conxunto, así como os titulares da especialidade de coro.

-O profesorado que acceda á especialidade de piano realizará tamén, se é o caso, as funcións de pianista acompañante.

-Das competencias docentes daqueles que accedan á especialidade de musicoloxía exceptúanse as materias de harmonía I-III e contrapunto I-III propias da especialidade, das que a competencia docente queda adscrita á especialidade de composición.

ANEXO II

1. Actividades no ámbito da docencia (máximo 5 puntos).

1.1. Experiencia docente previa como funcionarios de carreira do corpo de profesores de música e artes escénicas: 0,5 puntos por ano.

Documentación acreditativa: folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Persoal ou, no seu defecto, certificación da secretaria ou secretario do centro co visto e prace da dirección, en que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia compulsada deles en que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.

2. Expediente académico e outras titulacións (máximo 5 puntos).

2.1. Expediente académico na titulación alegada: máximo 1 punto (6,5 a 7,5: 0,5 puntos; 7,5 a 10: 1 punto).

Documentación acreditativa: expediente académico persoal orixinal ou fotocopia cotexada, en que consten as puntuacións obtidas en todas as discipli-

nas e cursos exixidos para a obtención do título alegado.

2.2. Diploma de estudos avanzados, título oficial de máster, suficiencia investigadora ou calquera título equivalente na especialidade a que se opta: 0,15 puntos.

Documentación acreditativa: no caso do DEA, suficiencia investigadora, ou titulación equivalente, certificación académica ou fotocopia cotexada do diploma. No caso do máster, certificación orixinal ou copia cotexada da súa superación.

2.3. Título de doutor: 1 punto.

Documentación acreditativa: certificación académica ou fotocopia cotexada do título de doutor ou, se é o caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).

2.4. Outras titulacións superiores: 0,5 puntos.

Por cada titulación superior distinta á alegada para o acceso á especialidade correspondente: 0,5 por titulación, ata un máximo de 1 punto.

Documentación acreditativa: certificación académica ou fotocopia cotexada do título ou, se é o caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).

2.5. Outras titulacións de primeiro ciclo: 0,25 puntos.

Por estudos rematados correspondentes ao primeiro ciclo: 0,25 por titulación, ata un máximo de 0,5 puntos. Para estes efectos non se consideran equivalentes os estudos de grao medio de música ou de danza.

Documentación acreditativa: certificación académica ou fotocopia cotexada en que se acredite a súa superación.

2.6. Outros títulos de doutor: 1 punto.

Documentación acreditativa: certificación académica ou fotocopia cotexada do título de doutor ou, se é o caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).

2.7. Premio extraordinario na titulación alegada: 0,3 puntos.

Documentación acreditativa: certificación académica ou fotocopia cotexada en que se acredite a súa obtención.

2.8. Premio extraordinario de doutoramento: 0,5 puntos.

Documentación acreditativa: certificación académica ou fotocopia cotexada en que se acredite a súa obtención.

3. Actividades de formación (máximo 5 puntos).

3.1. Cursos superados relacionados coa especialidade a que se opta organizados polas administracións educativas que se atopan en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, polas institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas citadas administracións, así como os organizados polas universidades: 0,10 puntos cada 10 horas.

Documentación acreditativa: certificado en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.

3.2. Por cursos impartidos relacionados coa especialidade a que se opta organizados polas administracións educativas que se atopan en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, polas institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas citadas administracións así como os organizados polas universidades: 0,20 puntos cada 10 horas.

Documentación acreditativa: certificado en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.

4. Actividade investigadora (máximo 5 puntos).

4.1. Por libro publicado como autor, directamente relacionado coa especialidade á que se opta: 0,5 puntos por libro.

Documentación acreditativa: os exemplares correspondentes, ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN ou ISSN, en virtude do disposto no Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor.

4.2. Por publicacións, artigos, capítulos de libros directamente relacionados coa especialidade á que se opta: 0,15 cada publicación, artigo, ou capítulo de libro.

Documentación acreditativa: os exemplares correspondentes, ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN ou ISSN, en virtude do disposto no Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor.

4.3. Por cada participación en proxectos de investigación relacionados coa especialidade á que se opta: 0,5 puntos.

Documentación acreditativa: certificado que acredite a participación do aspirante no proxecto, a descrición deste e a súa duración.

4.4. Contribución a congresos internacionais relacionados coa especialidade á que se opta: 0,3 puntos por relatorio e 0,1 por comunicación.

Documentación acreditativa: fotocopia cotexada da comunicación escrita e do índice de contidos do libro do congreso.

4.5. Contribución a congresos nacionais relacionados coa especialidade á que se opta: 0,15 puntos por ponencia e 0,05 por comunicación.

Documentación acreditativa: fotocopia cotexada da comunicación escrita e do índice de contidos do libro do congreso.

4.6. Pola organización de congresos internacionais, e a edición das súas actas, relacionados coa especialidade á que se opta: 0,5 puntos.

Documentación acreditativa: certificado expedido pola entidade organizadora do congreso onde se acredite o traballo desenvolvido polo aspirante.

4.7. Pola organización de congresos nacionais, e a edición das súas actas, relacionados coa especialidade á que se opta: 0,25 puntos.

Documentación acreditativa: certificado expedido pola entidade organizadora do congreso onde se acredite o traballo desenvolvido polo aspirante.

4.8. Dirección de teses de doutoramento: 1 punto por cada unha.

Documentación acreditativa: certificado expedido pola universidade correspondente onde se acredite a dirección da tese exercida polo aspirante.

4.9. Dirección do diploma de estudos avanzados (DEA): 0,10 puntos por cada unha.

Documentación acreditativa: certificado expedido pola universidade correspondente onde se acredite a dirección do DEA exercida polo aspirante.

5. Actividade musical e méritos artísticos (máximo 7 puntos).

5.1. Por concertos como solista musical nos últimos dez anos, na especialidade á que se opta (director musical, solista individual ou de música de cámara ata formación de trío): 0,2 puntos por concerto.

Documentación acreditativa: fotocopias cotexadas do contrato ou contratos laborais establecidos coa institución organizadora do concerto. No seu defecto, fotocopia cotexada do programa do concerto, indicando lugar de celebración e contido deste.

5.2. Por concertos como músico de cámara, nos últimos dez anos, en formación de cuarteto ou máis instrumentistas, na especialidade á que se opta: 0,1 puntos por concerto.

Documentación acreditativa: fotocopias cotexadas do contrato ou contratos laborais establecidos coa institución organizadora do concerto. No seu defecto, fotocopia cotexada do programa do concerto, indicando lugar de celebración e contido deste.

5.3. Por instrumentista de orquestras ou bandas profesionais nos últimos dez anos, na especialidade á que se opta: 0,01 puntos por concerto.

Documentación acreditativa: fotocopias cotexadas do contrato ou contratos laborais establecidos coa institución organizadora do concerto. No seu defecto, fotocopia cotexada do programa do concerto, indicando lugar de celebración e contido deste.

No suposto de instrumentistas que teñan un contrato estable cunha orquestra profesional, a cuantificación desta subepígrafe farase por anos completos, cunha puntuación de 0,3 puntos por ano.

5.4. Por cada composición musical orixinal, exenta e editada para un instrumento solista ou grupo instrumental: 0,2 puntos.

Documentación acreditativa: os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor.

5.5. Por cada composición musical orixinal, exenta e editada para orquestra, con ou sen solistas: 0,3 puntos.

Documentación acreditativa: os exemplares correspondentes, ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor.

5.6. Por cada composición musical orixinal, conxunta e editada: 0,1 puntos.

Documentación acreditativa: os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor.

5.7. Por cada arranxo ou transcripción, exenta e editada para un instrumento solista ou grupo instrumental: 0,1 puntos.

Documentación acreditativa: os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor.

5.8. Por cada arranxo ou transcripción, exenta e editada para orquestra, con ou sen solistas: 0,2 puntos.

Documentación acreditativa: os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publi-

cacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor.

5.9. Por cada gravación como solista musical, na especialidade á que se opta (director musical, solista individual ou de música de cámara ata formación de trío): 0,2 puntos por gravación.

Documentación acreditativa: fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.

5.10. Por cada gravación como músico de cámara, en formación de cuarteto ou máis instrumentistas, na especialidade á que se opta: 0,1 puntos por gravación.

Documentación acreditativa: fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.

5.11. Por cada gravación como instrumentista de orquestras profesionais, na especialidade á que se opta: 0,01 puntos por gravación.

Documentación acreditativa: fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.

5.12. Por cada premio como instrumentista, director musical ou compositor de ámbito internacional: 0,2 puntos.

Documentación acreditativa: fotocopia cotexada do premio, con indicación expresa da institución convocante do certame.

5.13. Por cada premio como instrumentista, director musical ou compositor de ámbito nacional ou autonómico: 0,1 puntos.

Documentación acreditativa: fotocopia cotexada do premio, con indicación expresa da institución convocante do certame.

6. Proxecto docente (máximo 7 puntos).

Proxecto docente orixinal, que non terá carácter eliminatorio, cunha extensión máxima de 50 páxinas incluídos os anexos, de ser o caso, formato DIN A-4, escritos por unha soa cara, a dobre espazo, cunha letra tipo times new roman, tamaño 12, marxes 2,5 cm, que faga referencia aos seguintes aspectos de obrigatorio tratamento:

- a) Xustificación legal.
- b) Obxectivos.
- c) Contidos da materia.
- d) Metodoloxía pedagóxica.
- e) Criterios e ferramentas de avaliación.
- f) Bibliografía.
- g) Recursos materiais.

O proxecto docente versará para cada un dos perfís de competencia docente, sobre dúas das materias que se inclúan neste perfil, sendo unha das materias de entre as relacionadas na columna A, e outra de entre as relacionadas na columna B, de acordo co disposto no anexo III desta resolución, agás na materia de piano complementario na que só cumprirá desenvolver o proxecto para dita materia.

A comisión de selección poderá determinar discrecionalmente a defensa persoal do proxecto por parte do/a candidato/a, do que se advertirá coa debida antelación. O tempo de defensa non superará os 30 minutos.

ANEXO III

Perfiles competencia docente	Materias sobre as que versará o proxecto (dúas)	
	A	B
Acordeón	Acordeón	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Canto	Canto	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Clarinete	Clarinete	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Contrabaixo	Contrabaixo	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Composición	Composición	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Educación auditiva (MT)-piano complementario	Educación auditiva	Piano complementario
Fagot	Fagot	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Frauta travesa	Frauta travesa	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Guitarra	Guitarra	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Historia da música (MT)-organoloxía (MT)	Historia da música	Organoloxía
Musicoloxía	Historia da música antiga e medieval; historia da música moderna e contemporánea (elixir unha)	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Óboe	Óboe	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Pedagoxía	Didáctica da música	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Percusión	Percusión	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Piano	Piano	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Piano complementario	Piano complementario	
Práctica harmónico-contrapuntística (MT)-análise (MT)	Práctica harmónico-contrapuntística	Análise
Saxofón	Saxofón	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Trombón	Trombón	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Trompa	Trompa	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Trompeta	Trompeta	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Tuba	Tuba	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Viola	Viola	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Violín	Violín	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto
Violoncello	Violoncello	Unha materia propia da especialidade ou de conxunto

ANEXO IV

Cadro de prazas de profesores dos conservatorios superiores de música de Galicia

Perfis competencia docente	Número de prazas
Acordeón	1
Canto	4
Clarinete	6
Contrabaixo	2
Composición	6
Educación auditiva (MT)-piano complementario (MT)	3
Fagot	2
Frauta travesa	4
Guitarra	6
Historia da música (MT)-organoloxía (MT)	4
Musicoloxía	2
Óboe	2
Pedagoxía	3
Percusión	4
Piano	22
Piano complementario	18
Práctica harmónico-contrapuntística (MT)-análise (MT)	4
Saxofón	4
Trombón	3
Trompa	3
Trompeta	4
Tuba	2
Viola	3
Violín	10
Violoncello	4

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO SEIS DE VIGO

Edicto (393/2007-PA).

No procedemento de referencia ditouse, no día da data, a sentenza cuxo encabezamento e ditame ten o teor literal seguinte:

«Sentenza 215/2007.

En Vigo, 7 de decembro de 2007

Vistos por min, Margarita Sierra Serrano, maxistrada-xuíza do Xulgado de Primeira Instancia número seis de Vigo, os presentes autos de xuízo verbal seguidos neste xulgado co número 393/2007, sobre reclamación de cantidade, promovidos por BTI *Técnicas de Fijación S.L.*, representada pola procuradora Rosa Camba García e asistida polo letrado Darío Rodríguez Palomares, contra María José Navia Luna, imcomparecida en autos e declarada en situación procesual de rebeldía, e atendendo aos seguintes.